



Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DA CORUÑA

O Grupo Municipal da Marea Atlántica a través da súa voceira, María García, en virtude do dereito que lle confire o Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, formula o seguinte **ROGO ORAL** relativo á **SITUACIÓN DO LEGADO QUE CUSTODIA A FUNDACIÓN LUÍS SEOANE E O INCUMPRIMENTO DO ACORDADO NOS ORZAMENTOS EN VIGOR**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os fins para os que se creou a Fundación Luís Seoane en 1996, tal e como recolle o artigo 6 dos seus estatutos, aprobados polo Pleno da Corporación, cóntanse os seguintes:

O fomento do estudo e a difusión do conxunto da obra e a personalidade de Luís Seoane, o arquivo e a divulgación da mesma, tanto nos aspectos artísticos como intelectuais, deseñísticos e sociais, políticos ou biográficos; enfocando estas cuestións xa dende unha perspectiva teórica e de pensamento, xa dende os ámbitos da creatividade e da sociocultural.

Crear os mecanismos necesarios para habilitar unha exposición permanente e pública cunha selección da obra de Luís Seoane contida no patrimonio da súa viúva Dona María Elviña Fernández López, e a que posteriormente se poida ir conseguindo, acompañada do aparato documental oportuno para comunicar correctamente o seu significado e importancia no contexto da cultura galega do século XX.

Publicar da maneira máis rigorosa posible a obra completa de Luís Seoane (plástica, escrita, epistolar, etc) dunha maneira ordenada e continua, incorporando as técnicas de divulgación máis avanzadas e oportunas.

Promover os estudos sobre Luís Seoane, así como sobre a arte e a cultura galegas en xeral e a arte gráfica en particular, procurando canles de difusión a tales resultados.

Dotala dun arquivo documental sobre Luís Seoane e a súa obra, así como dunha biblioteca especializada nos temas que máis preocuparon ao artista, ambas públicas e moi accesibles. Dotándoa tamén dun órgano de comunicación do prestixio, que aborde temas de arte e deseño actual, que continúa a divulgación dos temas que máis preocuparon en vida a Luís Seoane.

Con independencia doutros fins recollidos nos estatutos e sen prexuízo do que o padroado dispoña de cara ao futuro como resultado dun debate reiteradamente requerido pola maioría dos seus membros, esta Corporación debe afrontar a realidade: hoxe, **a fundación non está a cumprir adecuadamente con estes obxectivos nin pode asegurar a debida conservación do legado de Luís Seoane**, en ambos casos, aínda que non exclusivamente, a causa do mal estado do edificio.

Na xunta xeral ordinaria celebrada o 10 de decembro de 2019, o Padroado da Fundación Seoane tomou coñecemento dun informe elaborado por varios dos seus membros no que se alertaba do risco en que se atopaba unha parte da obra do artista e a necesidade de erradicar con urxencia as filtracións que afectan ao edificio mediante a execución das obras proxectadas no pasado mandato, que teñen un custo estimado en 800.000 euros.

Recollendo esta preocupación, a Marea Atlántica incorporou este proxecto no acordo asinado o 23 de decembro de 2019 co PSdeG-PSOE para aprobar os orzamentos municipais en vigor:

9.- En **Cultura**, manteranse as liñas de axudas, redactarase o proxecto para **dotar o barrio de Novo Mesoiro dunha biblioteca** (20.000 euros), incrementaranse os recursos destinados a edicións e exposicións e asegurárase a **continuidade do Festival Noroeste**, mantendo tanto o investimento como o formato e dotándoo dunha **dirección artística escollida, de acordo co sector, a través dun concurso público**. Reservaranse tamén os recursos necesarios para iniciar as obras de **acondicionamento da Fundación Seoane** (800.000 euros) que aseguren a conservación do **legado do artista**.

Lamentablemente, transcorridos máis de once meses dende a sinatura deste acordo, como acontece coa maioría do recollido nas dez páxinas dese documento, **o compromiso segue incumprido por parte do goberno municipal**. Co agravante, neste caso, de que a afección sobre o legado de Luís Seoane é hoxe máis severa, como se volveu poñer de manifesto na xunta xeral do padroado o pasado 25 de novembro, e que se nos nega información sobre o estado de tramitación da obra.


Por todo o antedito, fórmulase o seguinte

ROGO

1.- Rogamos á alcaldesa, responsable da área de Cultura e presidenta do Padroado da Fundación Luís Seoane, que desbloquee coa maior urxencia a licitación das obras pendentes na sede da entidade, dando cumprimento a un dos acordos asinados coa Marea Atlántica o 23 de decembro de 2019 que permitiron a aprobación dos orzamentos municipais en vigor.

2.- Que informe sobre o estado de tramitación desta obra e dea traslado deste rogo ao Padroado da Fundación Luís Seoane.

A Coruña, 26 de novembro de 2020



María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica